



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 29 DE OUTUBRO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e corenta minutos do día vinte e nove de outubro do dous mil vinte, os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada na data 22/10/2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27/10/2020 **“Decreto: Aprobación do expediente de contratación da iluminación do Nadal do Concello de Ribeira para o ano 2020”.**





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – PATRICIA CONSTANTINO DA SILVA.

Visto o escrito presentado por **Patricia Constantino da Silva**, de data 26/10/2020 (Rexistro de entrada nº 14.023), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda de churros (2 x 3 m.), o día 31/10/2020 e 01/11/2020, situado na entrada dos cemiterios de Ribeira, de Frións e de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Patricia Constantino da Silva** para a instalación dun posto de venda de churros (2 x 3 m.), o día 31/10/2020 e 01/11/2020, situados na entrada dos cemiterios de Ribeira, de Frións e de Palmeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – ÁNGELES MOTA GARCÍA.

Visto o escrito presentado por **Ángeles Mota García**, de data 23/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.960), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda de churros (2 m.), o día 01/11/2020, situado na entrada do cemiterio de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Ángeles Mota García** para a instalación dun posto de venda de churros (2 m.), o día 01/11/2020, situado na entrada do cemiterio de Ribeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – MICAELA DOS SANTOS DE LA CONCEPCION.

Visto o escrito presentado por **Micaela dos Santos de la Concepción**, de data 26/10/2020 (Rexistro de entrada nº 14.091), no que solicita autorización para a





instalación dun posto de venda de castañas, do día 31/10/2020 ao 01/11/2020, situado na entrada do cemiterio de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Micaela dos Santos de la Concepción** para a instalación dun posto de venda de castañas, do día 31/10/2020 ao 01/11/2020, situado na entrada do cemiterio de Ribeira
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – DANIEL DAVILA MARTÍNEZ.

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 23/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.960), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda de roquillas (2 m.), o día 01/11/2020, situado na entrada do cemiterio de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda de roquillas (2 m.), o día 01/11/2020, situado na entrada do cemiterio de Palmeira.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL "A CREBA".

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Prestación de servizos de rehabilitación psicosociais e prelaborais para persoas con problemas de saúde mental, (epígrafe IAE 1/952).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0515210NH0101N0004EJ.

SITUACIÓN: Rúa padre Sarmiento nº 11-13, Baixo, Riveira.





PROMOTOR/A: ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL "A CREBA", (CIF G15476310).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600).

PROXECTO: Proxecto de reforma e ampliación de baixo como centro asistencial existente con sinatura dixital de 31 de maio de 2019 / Estudo de xestión de residuos de decembro de 2018 / Certificado Final de Obra.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de agosto de 2019 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** á ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL "A CREBA" **LICENZA DE OBRAS Nº 25/19** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE LOCAL COMERCIAL EXISTENTE DESTINADO A CENTRO ASISTENCIAL**, en parcela con refª catastral nº 0515210NH0101N0004EJ nos termos do Proxecto de reforma e ampliación de baixo como centro asistencial existente con sinatura dixital de 31 de maio de 2019, Estudo de xestión de residuos de decembro de 2018, redactados polo Sr. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600).

SEGUNDO.- Vista a solicitude e documentación presentada pola entidade ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL "A CREBA" CIF G15476310), para exercer a actividade de prestación de servizos de rehabilitación psicosociais e prelaborais para persoas con problemas de saúde mental, (epígrafe IAE 1/952) en instalacións sitas na Rúa padre Sarmiento nº 11-13, Baixo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0515210NH0101N0004EJ nos termos do Certificado Fin de Obra, asinado polo Sr. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600).

TERCEIRO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 21 de outubro de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

CUARTO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 20 de outubro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 21 de outubro de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 20 de outubro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/10/2020, a Xunta de



FIRMANTE - FECHA





Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade de prestación de servizos de rehabilitación psicosociais e prelaborais para persoas con problemas de saúde mental, (epígrafe IAE 1/952) solicitada pola entidade ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL "A CREBA" (CIF G15476310), en instalacións sitas na Rúa padre Sarmiento nº 11-13, Baixo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0515210NH0101N0004EJ nos termos do Certificado Fin de Obra, asinado polo Sr. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600).

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECIMENTO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE - DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Supermercado, (licenza definitiva concedida por Decreto de alcaldía de data 21 de outubro de 1998).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

SITUACIÓN: Rosalía de Castro nº 42, Ribeira.

TRANSMITENTE: DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE LA ALIMENTACIÓN S.A. (CIF 428164754).

ADQUIRINTE: DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U. (CIF A 80782519).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes





ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada polo Sr. Antonio Pérez Úbeda (DNI 05891883-L) actuando en nome e representación da entidade DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U. (CIF A 80782519), en relación ao cambio de titularidade de licenza de actividade de supermercado, (licenza definitiva concedida por Decreto de alcaldía de data 21 de outubro de 1998), sendo o transmitente a entidade DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE LA ALIMENTACIÓN S.A. (CIF 428164754), en instalacións sitas na rúa Rosalía de Castro nº 42, Ribeira.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se preveña no acto de outorgamento.

SEGUNDO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da esixencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

CUARTO.- Se se produce a transmisión da (licencia/comunicación previa) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

QUINTO.- O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de a





(licencia/comunicación previa) urbanística é o seguinte:

A. Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

B. Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (licencia/comunicación previa) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (O informe dos Técnicos Municipais versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado).

C. Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

D. Procederase a notificar a Resolución aos interesados.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/10/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade de licenza de actividade de supermercado, (licenza definitiva concedida por Decreto de alcaldía de data 21 de outubro de 1998), sendo o transmitente a entidade DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE LA ALIMENTACIÓN S.A. (CIF 428164754) e o adquirente a entidade DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U. (CIF A 80782519) en instalacións sitas na rúa Rosalía de Castro nº 42, Ribeira.

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE - DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Supermercado, (licenza definitiva concedida por Decreto de alcaldía de data 18 de xullo de 2000).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano.

SITUACIÓN: Avda da Coruña s/n, Ribeira.

TRANSMITENTE: DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE LA ALIMENTACIÓN S.A. (CIF 428164754).

ADQUIRENTE: DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U. (CIF A 80782519).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada polo Sr. Antonio Pérez Úbeda (DNI 05891883-L) actuando en nome e representación de DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U. (CIF A 80782519), en relación ao cambio de titularidade da licenza de actividade de supermercado da licenza definitiva concedida por decreto de alcaldía de data 18 de xullo de 2000, sendo o transmitente a entidade DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE LA ALIMENTACIÓN S.A. (CIF 428164754), en instalacións sitas na Avda da Coruña s/n, Ribeira.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.

SEGUNDO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación





que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da esixencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

CUARTO.- Se se produce a transmisión da (*licencia/comunicación previa*) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

QUINTO.- O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de a (*licencia/comunicación previa*) urbanística é o seguinte:

A. Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

B. Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (*licencia/comunicación previa*) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (*O informe dos Técnicos Municipais versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado*).

C. Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

D. Procederase a notificar a Resolución aos interesados.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/10/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade de licenza de actividade de supermercado, (licenza definitiva concedida por Decreto de alcaldía de data 18 de xullo de 2000), sendo o transmitente a entidade DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE LA ALIMENTACIÓN S.A. (CIF 428164754) e o adquirente a entidade DIA RETAIL ESPAÑA S.A.U. (CIF A 80782519) en instalacións sitas na Avda da Coruña s/n, Ribeira.

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- LICENZA MUNICIPAL PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE TEIRA, CORRUBEDO – DALA’S FUTURE, S.L.

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada pola entidade **Dala’s Future, S.L.** (Rexistro de entrada nº 16729 de 19 de decembro de 2019) para obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Teira, Corrubedo, cun orzamento de 240.000 euros e unha superficie total construída de 497 m², refª. catastral 15074A050004940000KJ.





EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto municipal de data 3 de xaneiro e 10 de xuño de 2020 e do secretario xeral da Corporación de data 1 de xullo de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 02/07/2020.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en exercizo das competencias delegadas por la Alcaldía a través de resolución de data 17 de xuño de 2020 **ACORDA** por unanimidade dos seus membros de dereito:

PRIMEIRO. Conceder licenza urbanística de obra maior (Nº 29/20) á entidade Dala's Future SL para obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Teira, Corrubedo, cun orzamento de 240.000 euros e unha superficie total construída de 497 m², ref catastral 15074A050004940000KJ, e de acordo coas determinacións previstas para as **áreas medio consolidadas do PXOM (artigo 134):**

"Párametros edificatorios de parcela:

Parcela mínima: 500 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

Frente mínimo: será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. (y se cumplan el resto de las condiciones de edificación).

Condiciones de ocupación

Posición: Se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejora para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

En áreas poco consolidadas se aplicará la normativa viaria.

La edificación se situará en la parcela aislada entre medianeras, o adosada a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada o previo acuerdo entre lindantes. En cualquier caso, se trata de ocultar medianeras, no creando otras nuevas bajo ningún concepto, respetando en los otros casos un mínimo de 3 metros a linderos.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 35% de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,50 m²/m².

Altura de la edificación:

Número plantas: bajo + una planta y aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima de la altura máxima.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante





elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las dimensiones y características de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación, permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 m², y no pudiendo superar los 50 m².

Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.

Condiciones ambientales y estéticas.

Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este último caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color."

-Deberá realizar a previa CESIÓN a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión en total de 25,00 m²), e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 81,68 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.

SEGUNDO. A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación do presente acordo e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do mesmo.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos.

2.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN DE PLANTA BAIXA PARA DESTINALO A USO DE TANATORIO (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA) - POMPAS FÚNEBRES DEL NOROESTE, S.A.





VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada pola entidade **POMPAS FÚNEBRES DEL NOROESTE, S.A.**, para construción de edificación de planta baixa, con destino a uso de **tanatorio**, no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A9381153000UR, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de xuño de 2019 do Escrito técnico xustificando requerimentos dos técnicos municipais redactado polo Sr. Álvaro Vidal García (arquitecto col nº 11.178)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 15 de outubro de 2020, técnico municipal de medio ambiente de data 15 de outubro de 2020, enxeñeira municipal de data 19 de outubro de 2020, técnico de administración xeral adscrito ó Departamento de Urbanismo de data 19 de outubro de 2020 e do secretario xeral da Corporación de data 27 de outubro de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na seguinte proposta de acordo.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 27/10/2020.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en exercizo das competencias delegadas por la Alcaldía a través de resolución de data 17 de xuño de 2020 **ACORDA** por unanimidade dos seus membros de dereito:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **POMPAS FÚNEBRES DEL NOROESTE, S.A.**, licenza urbanística (**Nº 30/20**) para construción de edificación de planta baixa, con destino a **uso de tanatorio**, no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, en parcela con refªS catastral nº 15074A9381153000UR, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de xuño de 2019 do Escrito técnico xustificando requerimentos dos técnicos municipais redactado polo Sr. Álvaro Vidal García (arquitecto col nº 11.178) e cos seguintes requisitos:

- *Deberá en relación aos 19,27 m² xa cedidos ao concello de Ribeira, (Finca-A1 resultante da licenza de segregación nº 4/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de agosto de 2019, contrato de cesión asinado o día 10 de decembro de 2019 pola Sra. M^a del Carmen Blanco Treus), completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 2.436,31 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o





concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Logo de rematar a obra, e antes de iniciar a actividade, presentarase solicitude de **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado, debendo presentar entre outros:

- *Certificado Final de Obra co preceptivo visado colexial.*
- *Copia de declaración responsable presentada ante a xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade, do integro cumprimento do establecido no Decreto 151/2014 do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Informe acústico de medicións ou, de ser o caso, declaración/manifestación da persoa titular da actividade de que a actividade comunicada producirá un nivel sonoro igual o inferior, en calquera horario a 75 dB, ou a 70 dB en caso de que se desenvolva en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica (artigo 11.3 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo).*
- *Permiso municipal de verteduras, na tramitación do permiso estableceranse as medidas correctoras que sexan necesarias con respecto ao vertido de augas residuais.*
- *Xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na obra.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.





-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.

-A obra realizarse baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederese con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SIXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÈCIMO.- Asimesmo a licenza concedida *So producirá efectos entre o Concello e o titular*





da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

3.- LICENZA MUNICIPAL REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA CAMBIO DE USO A VIVENDA EN AVDA DA CORUÑA, Nº 16, ENTREPLANTA A, PORTA D, RIBEIRA – ARGIBAYFOR INVERSIÓN, S.L.

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada por **ARGIBAYFOR INVERSIÓN, S.L** para **REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA CAMBIO DE USO A VIVENDA EN AVDA DA CORUÑA, Nº 16, ENTREPLANTA A, PORTA D, RIBEIRA.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 8 de setembro de 2020, técnico de administración xeral adscrito ó Departamento de Urbanismo e do secretario xeral da Corporación de data 27 de outubro de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na seguinte proposta de acordo.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 27/10/2020.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en exercizo das competencias delegadas por la Alcaldía a través de resolución de data 17 de xuño de 2020 **ACORDA** por unanimidade dos seus membros de dereito:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **ARGIBAYFOR INVERSIÓN, S.L.** licenza de obras (nº 31/20) para reforma de local comercial para cambio de uso a vivenda, sito na Avda da Coruña nº 16, entreplanta A, Porta D, Ribeira, en parcela con refª catatral nº 0722213NH0102S0017ZY nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data o día 21 de febreiro de 2020 redactado polo Sra. Myriam Piñeiro Losada, (arquitecto col. nº 3.988).

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da





actualización do Imposto sobre Bens Inmобles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), acompañada da seguinte documentación:

- *Certificado Final de Obra co preceptivo visado colexial.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.

-A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.





QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Óscar David Casais Montemuiño**, de data 19/06/2020 (Rexistro de entrada nº 6.627), no que solicita certificación de vivenda situada en Gándara, 18 (Artes).

Visto o informe emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 16/10/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:





Consultado o expediente de licenza de obras nº 286/98, compróbase que a edificación ten unha antigüidade superior a 5 anos.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Vidal Fernández**, de data 19/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.623), no que solicita no que solicita unha praca de vao permanente para instalar no inmovible situado na Avenida das Carolinas esquina Rúa Sorribas (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/10/2020 emitido en sentido desfavorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Denegar a **Juan Manuel Vidal Fernández** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente no inmovible situado na Avenida das Carolinas esquina Rúa Sorribas (Ribeira), por mor a que, según o sinalado no citado informe policial

“(...) realizada la inspección ocular indicar que nos encontramos ante una situación que nos indica que no hay indicios que un vehículo pueda entrar o salir de este local destinado a posible garaje, por ello no cumple con lo indicado en el artículo 14.1 de la Ordenanza de Circulación del Concello de Ribeira.

Esta solicitud queda en expectación hasta demostrarse mediante realización de obra que el local va a ser destinado a tal efecto”





ACORDO RELATIVO A RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA CONCESIÓN DE VAO PERMANENTE

VISTO o escrito de reposición presentado por **D. Andrés Romay Seráns** contra acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 17 de setembro de 2020 a través do que se concede a Dña. María Teresa Romano Martínez licencia de vado para inmovible sito en Camino de Agra s/n, Castiñeiras, alegando que *“el recurrente y su esposa Dña María Dolores Arigibay González son propietarios de una finca urbana denominada “Anovado” o “Anovado da Area” sita en Castiñeiras, Riveira, la cual limita por su viento Sur con la finca propiedad actualmente de Dña María Teresa Martínez Blanco y que la citada licencia incurre en el defecto de no haber tenido en cuenta la falta de legitimación activa de la solicitante del vado en tanto no es titular del inmueble para el cual se solicitó el vado permanente”*.

Alega igualmente que *“el recurrente y su esposa, y la madre de la solicitante (titular del inmueble para el que se solicitó licencia de vado) mantuvieron una disputa resuelta en el juicio verbal sobre ampliación de servidumbre, celebrándose el mismo ante el Juzgado de Primera Instancia nº 3 de Ribeira, con el número 256/2017, dictándose sentencia parcialmente estimatoria, en fecha 2 de setembro de 2020, la cual fue declarada mediante Auto de fecha 16 de setembro de 2020. En la citada sentencia se da como hecho probado, que la titular de la finca para la que se solicitó la ampliación de la servidumbre de paso es Dña. María Teresa Martínez Blanco:..”la actora-María Teresa Martínez Blanco-es titular del pleno dominio de un 50% de la citada finca por herencia de su padre y el de otro 50% como apartación parte de su madre”*

CONSIDERANDO que a autorización **Municipal de vao** consiste na obtención de licenza para a entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas. Noutras palabras, considerárase «*vao permanente*», a dispoñibilidade do uso dunha porción da vía pública para permitir libre acceso de vehículos a prazas de aparcadoiro situadas fóra da mesma. A licenza que concede o Concello, supón tamén a vixilancia por parte deste, co fin de que o espazo de beirarrúa sobre o cal se autorizou o vao, estea sempre libre para o acceso mediante o vehículo á cocheira.

O uso do dominio público para a instalación dun vao defínese como uso Común Especial normal e suxeitarase a Licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral. **O vao é una zona da vía pública reservada para o paso de vehículos a través da beirarrúa, a cal require licenza Municipal.**

A Xurisprudencia destacou reiteradamente que a natureza Xurídica da entrada e saída de vehículos a locais destinados a garaxes ou cocheiras a través das beirarrúas na vía pública, os chamados vaos permanentes, constitúen un aproveitamento, un uso, común especial dun ben de dominio público local que, conforme ao disposto no artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (Regulamento de Bens das Entidades Locais), está suxeito a licenza.

É, pois, un requisito para que falemos de vao que nos atopemos na vía pública, e limitábase a pór de manifesto a existencia dun uso común especial autorizado do dominio público.

Entendemos en base ás anteriores consideracións, que **existe obrigación formal de conceder licenza cando se use o dominio público para a utilización privativa dun garaxe.**

Con arranxo ao artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LRBRL), o Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da Lexislación do Estado e das



FIRMANTE - FECHA





Comunidades Autónomas, entre outras, en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

No seu desenvolvemento, e de conformidade coas normas contidas nos artigos 7, 38, 58 e 71 do **Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo**, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, autorízase expresamente aos Concellos a regulación mediante Ordenanza Municipal do uso das vías urbanas, e do réxime de parada e estacionamento das mesmas, así como a instalación e colocación das marcas viarias que regulamentariamente se establezan para a ordenación do tráfico, e mesmo a potestade de retirada de vehículos da vía pública cando as necesidades do tráfico demandáseno.

Considernado que o **Tribunal Supremo, na súa Sentenza de 19 de decembro de 2007, estableceu que:**

«O dereito de vao ou entrada de vehículos a través das beirarrúas ou beiras da rúa con independencia de que estean pavimentadas ao mesmo ou distinto nivel de cota da rúa constitúe un aproveitamento común especial dun ben de dominio público local con base no disposto nos artigos 20.3.h) do Real Decreto Legislativo 2/2004 en concordancia co artigo 75.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais».

Por tanto, o dereito de **vao** permanente queda perfilado e complementado pola Xurisprudencia, como o aproveitamento **especial da beirarrúa para entrar ou saír a un garaxe**.

Hai que precisar que a posibilidade de **autorizar un uso da vía pública para vao** é una **decisión discrecional** da Corporación Local. Non existe precepto legal algún que impoña a aquela acceder a unha petición neste sentido e, antes da súa concesión, deberán de terse en conta non só os dereitos do solicitante senón tamén outros extremos, por exemplo o estado da rúa.

Pola súa banda, o artigo **94.2.f)** do Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, establece que queda prohibido estacionar, entre outros casos, *«diante dos vaos sinalizados correctamente»*.

É o **Concello**, por tanto, a través da súa posibilidade de regular este aspecto **o que decide respecto diso da concesión de vaos, autorizacións de aparcadoiro en zonas onde está prohibido aparcar**, todo iso, por suposto, se está contemplado na Ordenanza correspondente.

É interesante a Sentenza de 22 de febreiro de 1999 do Tribunal Supremo na que se indica que o criterio que debe seguirse para determinar o uso privativo do especial é o de que exista a evidencia dunha certa fijeza e solidez na instalación e una vocación de permanencia que supoña una ocupación ou una prolongada e consistente permanencia na utilización da parcela da vía pública de que se trate, o que adoita levar consigo, nalgunha forma, a transformación física da dependencia demanial coa consecuente exclusión nesta doutro uso distinto do privativo.

CONSIDERANDO ademais que **as licenzas concédense “salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros”** e que se non é a autoridade xudicial a que ordena á Administración un determinado proceder en cumprimento da sentenza senón que é un particular a que o fai, o Concello debe negarse pois, conforme ao artigo 118 da LJA a potestade para facer cumprir as sentenzas contenciosas corresponde aos xuíces e tribunais de devandita orde





xurisdiccional sendo, como así recoñece o precepto, que só as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que estas consignent.

O mesmo acontece na **orde xurisdiccional civil**, en relación coa execución forzosa de sentenzas, onde se fixa como suxeitos de tal execución ás partes identificadas no artigo 538 LEC como a que pide e obtén o despacho, e aquela fronte á que se despacha, sendo o título competente a resolución ditada polo Secretario xudicial (art 545 LEC), hoxe Letrado da Administración de Xustiza.

Por tanto, só procedería que o Concello actuase en execución da sentenza civil se a autoridade xudicial así o dispón.

Desde logo que, en ningún caso, a actuación municipal deberá consistir na revisión das licenzas de obras pois iso só sucede se xa se produciu en sede xudicial (o que obviamente non concorre pois non é a xurisdición civil competente para revisar a actuación administrativa), ou se o Concello a provoca como consecuencia de haber incoado procedemento de revisión de oficio, declaración de lesividade ou revogación.

A revogación non cabe pois se cimenta en criterios de oportunidade. A revisión de oficio tampouco pois comporta a existencia dun vicio de nulidade de pleno dereito que, no caso que nos ocupa, non se dá posto que a infracción de dereito non é administrativa senón privada, dun propietario individual. E, por último, a declaración de lesividade tampouco cabe posto que, por unha banda, non alcanzamos a ver a existencia dun acto lesivo para os intereses públicos ao conceder una licenza de vado con suxeición ao dereito público, pero, aínda que existir tal lesión sería a xurisdición contencioso-administrativa a que tería que anular.

CONSIDERANDO que non cabe interpretar a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración, en primeiro lugar porque a responsabilidade patrimonial da Administración nace, conforme ao previsto no artigo 32.1 LRJSP cando *“a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos”*, e no presente caso a lesión non é consecuencia do comportamento da Administración senón do comportamento do propio particular fronte á outro particular e con alcance na esfera privada.

Pero é que, ademais, no suposto específico da responsabilidade patrimonial por actuacións desta natureza, as licenzas permanecen incólumes, pois non foron revisadas por ser axustadas a dereito administrativo, por non ser a xurisdición civil competente para revisalas.

CONSIDERANDO que en relación co proceder **ad cautelam** que debería adoptar o Concello en caso en que solicitudes de licenza poidan afectar a dereitos de natureza civil, cabe lembrar, en primeiro lugar, tal como se dixo, que a licenza é un acto regulado que *“debe outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, e para solicitadas non será necesario acreditar a titularidade dos inmobles afectados, salvo cando o seu outorgamento poida afectar os bens e dereitos integrantes do Patrimonio das Administracións públicas, tanto de dominio público ou demaniales, como de dominio privado ou patrimoniais ...”*.

É dicir, o Concello non ten porqué establecer ningún tipo de precaución (é máis, non ten competencias para facelo) máis que aquelas que conduza a comprobar o cumprimento das previsións da lexislación e a ordenación que resulte de aplicación. A actuación municipal se estenderá, con motivo do outorgamento da licenza do vado, ao exame do cumprimento daquelas previsións cuxa competencia se atribúa expresamente aos Concellos. E non tendo o Concello ningunha competencia en aspecto relativos ao dereito de propiedade nin a





outros dereitos de natureza civil ou hipotecaria, non cabe a adopción de ningún tipo de medidas de prevención nesta órbita, pois devirían nulas de pleno dereito.

Por canto antecede, **a Xunta de Goberno Local, acorda** por unanimidade dos seus membros de dereito, en no uso das facultades conferidas pola Alcaldía a través de resolución de 17 de xuño de 2019:

Primeiro:-Desestimar, polos motivos esgrimidos na parte expositiva do presente acordo, o recurso de reposición D. Andrés Romay Seráns contra acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 17 de setembro de 2020 a través do que se concede a Dna. María Teresa Romano Martínez licencia de vado para inmovible sito en Camino de Agra s/n, Castiñeiras, alegando que *“el recurrente y su esposa Dna María Dolores Arigibay González son propietarios de una finca urbana denominada “Anovado” o “Anovado da Area” sita en Castiñeiras, Riveira, la cual limita por su viento Sur con la finca propiedad actualmente de Dna María Teresa Martínez Blanco y que la citada licencia incurre en el defecto de no haber tenido en cuenta la falta de legitimación activa de la solicitante del vado en tanto no es titular del inmueble para el cual se solicitó el vado permanente”*.

Segundo:-Notificalo presente acordo ás partes interesadas no procedemento co indicación expresa dos recursos que contra o mesmo proceda

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 26/10/2020, relativo ao reacondicionamento de estacionamentos na Rúa Romero Ortiz, diante e no lateral da Residencia do Maior (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar o reacondicionamento de estacionamentos na Rúa Romero Ortiz**, diante e no lateral da Residencia do Maior (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

2.- Visto o escrito presentado por **Ramiro Fernández Muñiz**, de data 16/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.543), no que solicita o pintado dun paso de peóns no lugar da Mamoá.

Visto o **informe** emitido ao respecto pola Policía Local, de data 25/10/2020, no que sinala que

“Que el tramo que nos ocupa es una carretera de dominación DP-7305, punto kilométrico 0,600 Titularidad de la Diputación de La Coruña”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Solicitar á Deputación Provincial da Coruña, **autorización para a instalación dun paso de peóns** na estrada DP-7305, punto kilométrico 0,600, según o sinalado no citado informe policial.





3.- Visto o oficio remitido polo **Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 22/10/2020 (Registro de entrada nº 13.867), no que achega sentenza estimatoria, de data 21/09/2020, relativa ao recurso contencioso-administrativo (Procedemento Abreviado 278/2019) interposto por María Teresa Muñoz García contra desestimación por silencio e resolución da Xunta de Goberno Local, de 03/10/2019.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao cumprimento da citada sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela.

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do oficio remitido polo polo **Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 16/09/2020 (Registro de entrada nº 11.612), no que achega certificación da sentenza de data 10/07/2020, relativa ao Procedemento abreviado 493/2017.

5.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do oficio remitido polo polo **Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 13/07/2020 (Registro de entrada nº 8.175), no que achega testemuña da sentenza de data 20/03/2020, relativa ao Procedemento abreviado 348/2019.

RESOLUCIÓN RELATIVA A TRANSMISIÓN TÍTULOS CONCESIONALES - CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

VISTA a comparecencia realizada ante o Secretario Xeral da Corporación por quen acredita ser Dna Manuela Becerra Graña, con DNI nº 76.484.154-T, casada en réxime de gananciais con D. Ramón Martínez Parada, con DNI nº 33.087.855-Q, ó obxecto de realizar o seu favor transmisión de titularidade das fosas do cemiterio municipal de Ribeira nº 276 e 277, actualmente a nome de Dna. Concepción García Aja.

ACREDITADA a titularidade dos referidos nichos nos termos expostos e

CONSIDERANDO o artigo 4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais según o cal os cemiterios son bens de servizo público destinados directamente ao cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades Locais, de carácter obrigatorio para os Concellos conforme ao artigo 25.2.j da LBRL, sobre os que os particulares nunca adquiren a propiedade, senón un dereito a utilizar a tumba, nicho ou panteón durante o tempo que lle dure a concesión.





CONSIDERANDO que as concesións para a utilización dos nichos, que teñen un prazo de caducidade, transmítense, como calquera outro ben, conforme ao que establece o Código Civil.

A Xunta de Goberno Local, no uso das delegacións conferida pola Alcaldía a través de resolución de data 17 de xuño de 2019, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Que se procede á transmisión a favor de **Dña Manuela Becerra Graña, con DNI nº 76.484.154-T**, dos dereitos concesionais que sobre a fosa do cemiterio municipal de Ribeira **nº 276**, e **D. Ramón Martínez Parada, con DNI nº 33.087.855-Q** dos dereitos concesionais que sobre a fosa do cemiterio municipal de Ribeira **nº 277**, actualmente figuran a nome de Dna. Concepción García Aja.

Segundo:-Que conforme ó disposto nos artigos 23 e 57 do Real *Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo*, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Ordenanza Municipal que os desenvolve no Concello de Ribeira procédase a xirar ós novos titulares da concesión unha taxa por importe de 44,07€ conforme ó procedemento establecido.

Terceiro:-Que do presente acordo se dé traslado ós interesados para a súa constancia i efectos oportunos.

ACORDO RELATIVO A SOLICITUDE DE TRASLADO DE RESTOS CADAVÉRICOS

VISTO o escrito presentado por D. David Pérez Sobrido con D.N.I. 53480212-Z, con data 7 de xullo de 2017 do seguinte tenor literal:

“David Pérez Sobrido, con D.N.I. 53480212-Z, y dirección en Granxa nº 3 Carreira, Ribeira, teléfono 665233794, e-mail davidpsobrido@gmail.com, en representación de Doña María Teresa Sobrido Regueira.

EXPONGO:

Que Doña María Teresa Sobrido Regueira es la propietaria de los nichos 644 y 643 del cementerio de Sta. Uxía de Ribeira. Que desde el año 1999 el nicho que se corresponde al número 643 se cedió temporalmente para enterrar los restos de Mónica Millán Barreiro con el compromiso de su familia de reubicarlos en años posteriores.

Esta cesión se hizo de palabra debido a la amistad que existía entre las familias y sin que exista ningún contrato en el que conste dicha cesión.

A pesar de las numerosas peticiones amistosas por parte de la familia de María Teresa Sobrido Regueira a la familia Mónica Millán Barreiro para que cambiasen los restos de su familiar, éstos no accedieron y actualmente los restos de Mónica Millán Barreiro continúan en el nicho propiedad de María Teresa Sobrido Regueira.

Por ello





SOLICITO, que se proceda a la retirada de los restos de Mónica Millán Barreiro del nicho nº 643 del cementerio de Sta. Uxía de Ribeira propiedad de María Teresa Sobrido Regueira y su reubicación en el lugar en el que su familia considere oportuno.

En Ribeira, a 7 de julio de 2017.

Firma.

David Pérez Sobrido"

ACREDITADA a titularidade de dereitos de Doña María Teresa Sobrido Regueira sobre os nichos 644 e 643 do cemiterio de Sta. Uxía de Ribeira.

CONSIDERANDO que trátase dunha cuestión de índole privada entre particulares sobre o que o Concello non pode pronunciarse, pois non é da súa competencia, e por tanto serán os interesados, en caso de conflito, os que deben dirimir esta controversia na xurisdición civil ordinaria, nunca na contencioso administrativa, por canto como se indicou, trátase de dereitos privados, nos que o Concello non pode entrar.

CONSIDERANDO as competencias que en materia funeraria concede ás entidades locais a normativa vixente, en especial o DECRETO 151/2014, de 20 de novembro, de sanidad mortuoria de Galicia, o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria de 27 de Xullo de 1.974, a Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/97, de 22 de xullo, do réxime local de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e no uso das competencias delegadas pola Alcaldía con data 17 de xuño de 2020, **acorda**:

Primeiro:-Requerir a ambas familias para que presenten escrito de conformidade sobre os termos descritos para así poder proceder en consecuencia.

Segundo:-Sen prexuízo do anterior, advertir ós interesados no expediente de referencia que trátase dunha cuestión de índole privada entre particulares sobre o que o Concello non pode pronunciarse, pois non é da súa competencia, e por tanto serán os interesados, en caso de conflito, os que deben dirimir esta controversia na xurisdición civil ordinaria, nunca na contencioso administrativa, por canto como se indicou, trátase de dereitos privados, nos que o Concello non pode entrar.

Terceiro:-Facultar tanto ao Sr. alcalde-presidente como á Sres. Concelleira delegada de cemiterios para garantir a plena efectividade do presente acordo.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL - ALBERTO PÉREZ DOVAL

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2018, aprobou o acordo de adjudicar os postos que se indican a continuación para





instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021, nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1	1.219,44 euros
Pablo Pérez Escariz	Mosqueiros	776,00 euros
David Fuentes Requeijo	Corna (Modorróns)	608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.200,00 euros
Alberto Pérez Doval	Ameixida	1.000,00 euros

Alberto Pérez Doval presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 26 de outubro de 2020 (entrada núm. 14.018), mediante o que solicita a devolución da parte proporcional á tempada 2020, da fianza de 1.000,00 € que depositou ante o Concello de Ribeira, e achega copia dun certificado emitido pola entidade bancaria que acredita a titularidade dunha conta bancaria aos efectos da devolución.

Informe favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 27 de outubro de 2020, a raíz de visita de comprobación efectuada ao lugar de localización da instalación denominada "Ameixida".

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Ribeira ao respecto da solicitude de devolución, de data 27 de outubro de 2020, favorable.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do "PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021", reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: "10º.- *Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:

a) *Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto.*

b) *Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2021). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)***

Consta no expediente que Alberto Pérez Doval, 53.485.190-R, adxudicatario do posto denominado "Ameixida", presentou no Concello de Ribeira unha fianza en metálico por un importe de 1.000 € segundo Talón de Cargo expedido polo departamento de contabilidade deste Concello na data 2 de abril de 2018, para responder do levantamento das instalacións



FIRMANTE - FECHA





á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

Visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 28/10/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a devolución parcial, por un importe de 250 €, da garantía definitiva depositada en metálico no Concello de Ribeira por Alberto Pérez Doval.

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE RIBEIRA, PEL-REACTIVA

Vista a Providencia da Alcaldía, de data 28/10/2020, relativa á o inicio do trámite procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria para a concesión de axudas para a reactivación económica e social do Concello de Ribeira, PEL-Reactiva, mediante a aprobación das bases.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a convocatoria e bases para a concesión de axudas para a reactivación económica e social do Concello de Ribeira, PEL-Reactiva

APROBACIÓN DOS CAMBIOS NAS FUNCÍONS, HORARIOS E DÍAS DA MOSTRA DE TEATRO DE RIBEIRA, E DEVOLUCIÓN DE PREZO PÚBLICO CORRESPONDENTE E PROPORCIONAL Á MOSTRA CELEBRADA ATA A DATA SEGUNDO AS MODIFICACIÓNS NA NORMATIVA SANITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA, O 25/10/2020.

VISTO o informe con proposta de resolución presentado pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 28/10/2020, relativo á aprobación dos cambios nas funcións, horarios e días da Mostra de Teatro de Ribeira, e devolución de prezo público correspondente e proporcional á Mostra celebrada ata a data segundo as modificacións na normativa sanitaria da Xunta de Galicia e a declaración do Estado de Alarma, o 25/10/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar os cambios na programación e habilitar o sistema de entrada gratuíta previa reserva en Cultura ata cubrir o aforo determinado polas autoridades sanitarias en cada momento e en función da evolución da





pandemia derivada do Covid 19 e o seu efecto sobre espectáculos culturais en cines, teatros e auditorios, segundo o sinalado no citado informe.

- b) Aprobar a devolución do prezo público proporcional a cada BONO da Mostra de Teatro 2020, correspondente en 20,00 €/unidade, para a totalidade dos 180 bonos vendidos, segundo o sinalado no citado informe.

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “CURSO DE INTRODUCCIÓN Á ANIMACIÓN TURÍSTICA”.

VISTAS as bases reguladoras do “Curso de Introducción á Animación Turística” organizado polo Concello de Ribeira desde a área de Turismo, como unha actividade de formaciónco dobre obxectivo de formar e profesionalizar ao sector, así como promover o emprego.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar as bases reguladoras do “Curso de Introducción á Animación Turística”.

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 22/10/2020, en relación á solicitude de concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira presentada por XXXXX XXXXXX XXXXXX XXXXXX (Rexistro de entrada nº 12.349, de data 28/09/2020).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 15/10/2020, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a XXXXXXX XXXXXX XXXXXX XXXXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **150,00 €** para sufragar os gastos derivados de débeda de fianza do aluguer de vivenda.

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 26/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o





Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 149,40 € (Cargo a partida 323 472.00).

2.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 26/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 166,50 € (Cargo a partida 323 472.00).





3.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 26/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 269,25 € (Cargo a partida 323 472.00).

4.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 26/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada





en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 277,75 € (Cargo a partida 323 472.00).

5.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 26/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguíño-Riveira-Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguíño-Riveira-Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.585,85 € (Cargo a partida 134 472.00).

6.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 27/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguíño-Riveira-Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño-Ribeira-Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.600,55 € (Cargo a partida 134 472.00).

7.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 27/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Ribeira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Ribeira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de agosto 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 430,00 € (Cargo a partida 134 472.00).

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

